

**12/2024.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 06 DE NOVIEMBRE DE 2024**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 06 de novembro de 2024, ás nove horas e trinta minutos reúnense, baixo a presidencia do alcalde, asistido do secretario accidental que referencia, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTE:**

Valentín González Formoso (abandona o salón de plenos ás 12:21 h)

Ana María Pena Purriños (Decreto de substitución nº 2012/2024, do 06 de novembro)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Manuel Rodríguez López

Ana M<sup>a</sup> Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

Diego Balsa Bellas (abandona o salón de plenos ás 13:08)

M<sup>a</sup> del Carmen Dopico Rodríguez

**NON ASISTEN CON ESCUSA:**

Fernando Vilaboy Ledo

María Jesús Romero Franco

**SECRETARIO ACCIDENTAL:**

José Manuel Cabarcos Anca

**INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

Manuel Souto López (abandona o salón de plenos ás 10:30 h)

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.- APROBAR AS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 11/09/2024 (ORDINARIA) E 23/09/2024 (EXTRAORDINARIA URXENTE)**

O presidente da sesión dá conta da seguintes actas para a súa aprobación, de conformidade co previsto no artigo 91.1 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais e o artigo 30 do Regulamento orgánico do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- 11/09/2024 (ordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.
- 23/09/2024 (extraordinaria urxente): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

**2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2024. EN PARTICULAR, DOS DECRETOS Nº 1734/2024, DO 12 DE SETEMBRO; 1824/2024, DO 02 DE OUTUBRO; 1842/2024, DO 04 DE OUTUBRO; 1909/2024, DO 16 DE OUTUBRO; 1962/2024, DO 25 DE OUTUBRO; 1970/2024 DO 29 DE OUTUBRO E 1986/2024, DO 31 DE OUTUBRO.**

O presidente, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, deu conta dos decretos correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2024.

En particular, dáse conta dos decretos nº 1734/2024, do 12 de setembro; 1824/2024, do 02 de outubro; 1842/2024, do 04 de outubro; 1909/2024, do 16 de outubro; 1962/2024, do 25 de outubro; 1970/2024 do 29 de outubro e 1986/2024, do 31 de outubro de substitución nas funcións da Alcaldía.

**3.-APROBAR DEFINITIVAMENTE A CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023**

O presidente da sesión dá conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 31/10/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/T017/000001. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Providencia da Alcaldía de data 22/08/2024, para que a Intervención municipal proceda a formar a conta xeral do exercicio orzamentario do exercicio de 2023.
- Informe da interventora do concello, núm. 355/2024, sobre a conta xeral do Concello das Pontes de García Rodríguez do exercicio 2023, de data 29/08/2024.
- Informe favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, de data 23/09/2024
- Anuncio de exposición ao público da conta xeral 2023, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), núm.186, do 26/09/2024, durante quince días hábiles.
- Proposta de acordo de aprobación da conta xeral de data 31/10/2024
- Ditame favorable da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á veciñanza e Recursos Humanos de data 31/10/2024

O Pleno do Concello, á vista dos antecedentes e do disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais, por unanimidade dos 11 concelleiros e concelleiras presentes no acto (7 votos dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE; 3 do grupo político do BNG e 1 do grupo político do PP), acorda:

- 1º) Aprobar a conta xeral do Concello das Pontes de García Rodríguez correspondente ao exercicio de 2023.
- 2º) Render a citada conta xeral ao Consello de Contas de Galicia.

#### **4.-DAR CONTA DOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2023**

O presidente da sesión dá conta da relación de reparos que formulou a intervención municipal durante o exercicio 2023, ao abeiro do artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A relación de reparos que figura no expediente da conta xeral do ano 2023, con referencia 2024/T017/000001, é a seguinte:

| Nº INFOR ME | DATA     | CONTIDO SINTETICO DO REPARO   | expediente       |
|-------------|----------|---|------------------|
| 15          | 19/01/23 | Nómina atrasos reparo suspensivo                                    | 2023/X999/000076 |
| 21          | 25/01/23 | Productividade xaneiro reparo suspensivo                            | 2023/X999/000077 |
| 22          | 25/01/23 | Horas extras xaneiro  | 2023/X999/000077 |
| 24          | 26/01/23 | Nómina xaneiro reparo suspensivo                                    | 2023/X999/000077 |
| 27          | 01/02/23 | Indemnización por ocupación de finca                                | 2022/X999/002415 |
| 28          | 01/02/23 | Indemnización por ocupación de finca                                | 2022/X999/002414 |
| 40          | 06/02/23 | Axudas de estudos   | 2023/X999/002091 |
| 42          | 08/02/23 | Pago vacacións auxiliares policía local reparo suspensivo           | 2023/X999/000257 |
| 64          | 10/02/23 | Relación facturas num 3 reparo suspensivo                           | 2023/G003/000356 |
| 73          | 23/02/23 | Horas extras nómina febreiro  | 2023/X999/000324 |
| 74          | 23/02/23 | Bases eventos deportivo turisticos 2022                             | 2023/A002/000001 |
| 75          | 24/02/23 | Productividade febreiro   | 2023/X999/000324 |
| 77          | 24/02/23 | Aprobación facturas relación 4                                      | 2023/G003/000427 |
| 78          | 27/02/23 | Nómina febreiro   | 2023/X999/000324 |
| 88          | 08/03/23 | Aprobación facturas relación 6 reparo suspensivo                    | 2023/G003/000501 |
| 89          | 08/03/23 | Modificación contrato SAF reparo suspensivo                         | 2019/C004/000023 |
| 105         | 20/03/23 | Aprobación facturas relación 8                                      | 2023/G003/000618 |
| 113         | 23/03/23 | Axudas estudos  | 2023/X999/002091 |
| 114         | 24/03/23 | Horas extras marzo  | 2023/X999/000509 |
| 119         | 24/03/23 | Productividade marzo  | 2023/X999/000509 |
| 124         | 29/03/23 | Aprobación facturas relación 10                                     | 2023/G003/000702 |
| 125         | 30/03/23 | Nómina marzo  | 2023/X999/000509 |
| 132         | 10/04/23 | Aprobación facturas relación 12                                     | 2023/G003/000479 |
| 134         | 10/04/23 | Selección auxiliares policía local reparo suspensivo                | 2023/E001/000007 |
| 142         | 14/04/23 | Arrendamento centro loxístico                                       | 2023/C006/000002 |
| 159         | 19/04/23 | Aprobación facturas relación 14 reparo suspensivo                   | 2023/G003/000834 |
| 163         | 20/04/23 | Horas extras mes abril  | 2023/X999/000701 |
| 165         | 21/04/23 | Aprobación facturas relación 15                                     | 2023/G003/000862 |
| 166         | 21/04/23 | Rec extraxudicial subvención nominativa Hijos ayuntamiento a Golada | 2023/X999/000740 |
| 168         | 21/04/23 | Rec extraxudicial subvenciónAAVV as campeias 2020                   | 2023/X999/000741 |
| 169         | 21/04/23 | Rec extraxudicial subvenciónAAVV a choupana 2020                    | 2023/X999/000741 |
| 171         | 21/04/23 | Rec extraxudicial subvenciónAAVV vincallo 2020                      | 2023/X999/000741 |
| 172         | 21/04/23 | Rec extraxudicial subvenciónAAVV sampordeme 2020                    | 2023/X999/000741 |

|     |          |  |                  |
|-----|----------|--|------------------|
| 174 | 24/04/23 | Rec extrajudicial cdto facturas relación 16                    | 2023/X999/000751 |
| 178 | 24/04/23 | Productividade nómina abril                                    | 2023/X999/000701 |
| 179 | 25/04/23 | Subvención nominativa cohempo reparo suspensivo                | 2023/A004/00002  |
| 180 | 25/04/23 | Subvención nominativa seara reparo suspensivo                  | 2023/A004/00003  |
| 183 | 26/04/23 | Nómina mes abril   | 2023/X999/000701 |
| 192 | 28/04/23 | Rec extrajudicial concesión e xustificación AAVV 2022          | 2022/A003/000307 |
| 195 | 02/05/23 | Aprobación factura relación 17 reparo suspensivo               | 2023/G003/001016 |
| 196 | 03/05/23 | Aprobación facturas relación 18 reparo suspensivo              | 2023/G003/001020 |
| 197 | 02/05/23 | Rec extrajudicial festas parroquiais 2022                      | 2022/A002/000278 |
| 200 | 04/05/23 | Aprobación facturas relación 20                                | 2023/G003/001080 |
| 202 | 04/05/23 | Selección traballador social                                   | 2023/X999/000611 |
| 206 | 05/04/23 | Subvención nominativa federación vela galega reparo suspensivo | 2023/A004/000001 |
| 214 | 09/05/23 | Contratación Pel concellos reparo suspensivo                   | 2023/E001/000002 |
| 218 | 11/05/23 | Aprobación relación facturas num 22reparo suspensivo           | 2023/G003/001123 |
| 219 | 11/05/23 | Aprobación relación facturas num 23                            | 2023/G003/001124 |
| 232 | 18/05/23 | Rec extrajudicial facturas relación 24                         | 2023/X999/000864 |
| 234 | 19/05/23 | Contratación persoal risga                                     | 2023/E001/000003 |
| 235 | 23/05/23 | Productividade nómina maio                                     | 2023/X999/000842 |
| 236 | 23/05/23 | Horas extras maio  | 2023/X999/000842 |
| 239 | 23/05/23 | Subvención nominativa centro interpretación reparo suspensivo  | 2023/A004/000004 |
| 248 | 25/05/23 | Socorro xubilación reparo suspensivo                           | 2023/X999/000798 |
| 250 | 26/05/23 | Nómina maio  | 2023/X999/000842 |
| 252 | 29/05/23 | Contratación a prol rural                                      | 2023/E001/000004 |
| 255 | 01/06/23 | Nómina extra xuño  | 2023/X999/000929 |
| 271 | 07/06/23 | Aprobación facturas relación 27                                | 2023/G003/001347 |
| 274 | 07/06/23 | Aprobación bases material escolar                              | 2023/A002/000007 |
| 275 | 08/06/24 | Aprobación facturas relación 28                                | 2023/G003/001373 |
| 286 | 14/06/23 | Aprobación facturas relación 30 reparo suspensivo              | 2023/G003/001442 |
| 287 | 14/06/24 | Aprobación facturas relación 31 reparo suspensivo              | 2023/G003/001444 |
| 291 | 16/06/23 | Aprobación bases subvenciones sociais                          | 2023/A002/000008 |
| 292 | 16/06/23 | Axudas estudos   | 2022/X999/002091 |
| 293 | 16/06/23 | Horas extras xuño  | 2023/X999/001010 |
| 294 | 16/06/23 | Productividade xuño  | 2023/X999/001010 |
| 309 | 27/06/23 | Nómina xuño  | 2023/E004/000001 |
| 310 | 28/06/23 | Aprobación facturas relación 33                                | 2023/G003/001537 |
| 314 | 03/07/23 | Socorro xubilación reparo suspensivo                           | 2023/X999/001033 |
| 325 | 10/07/23 | Aprobación facturas relación 35                                | 2023/G003/001634 |
| 324 | 10/07/23 | Nomeamento funcionarios interinos FCA                          | 2023/X999/001145 |
| 343 | 13/07/23 | Aprobación bases as pontes emprende                            | 2023/A002/000209 |
| 353 | 18/07/23 | Rec extrajudicial xustificación subvención deportiva           | 2023/A003/000140 |
| 354 | 19/07/23 | Aprobación facturas relación 39                                | 2023/G003/001687 |
| 355 | 19/07/23 | Aprobación facturas relación 40 reparo suspensivo              | 2023/G003/001688 |
| 360 | 21/07/23 | Aprobación facturas relación 42 reparo suspensivo              | 2023/G003/001731 |
| 361 | 24/07/24 | Aprobación facturas relación 43                                | 2023/G003/001734 |
| 362 | 24/07/23 | Horas extras mes xullo   | 2023/X999/001258 |
| 368 | 27/07/23 | Nómina xullo   | 2023/X999/001258 |
| 370 | 28/07/23 | Aprobación facturas relación 45                                | 2023/G003/001792 |
| 372 | 28/07/23 | Aprobación facturas relación 46                                | 2023/G003/001797 |
| 373 | 31/07/23 | Bases subvencion eu almorzo no cole                            | 2023/A002/000261 |
| 375 | 31/07/23 | Bases deportivas reparo suspensivo                             | 2023/A002/000264 |
| 376 | 02/08/23 | Subvención nominativa gatos feraleis reparo suspensivo         | 2023/A004/000008 |
| 380 | 02/08/23 | Sanción augas galicia reparo suspensivo                        | 2023/X999/000545 |
| 383 | 04/08/23 | Aprobación facturas relación 47                                | 2023/G003/001821 |
| 385 | 04/08/23 | Bases subvencións culturais                                    | 2023/A002/000008 |
| 390 | 11/08/23 | Aprobación facturas relación 50 reparo suspensivo              | 2023/G003/001852 |
| 396 | 17/08/23 | Adxudicación subvencións entidades sociais                     | 2023/A002/000008 |
| 399 | 18/08/23 | Productividade mes agosto                                      | 2023/X999/001532 |

|     |          |  |                  |
|-----|----------|--|------------------|
| 401 | 22/08/23 | Horas extras mes agosto  | 2023/X999/001532 |
| 403 | 24/08/23 | Aprobación facturas relación 52  | 2023/G003/001887 |
| 404 | 24/08/23 | Aprobación facturas relación 53  | 2023/G003/001888 |
| 405 | 25/08/23 | Nómina mes agosto  | 2023/X999/001532 |
| 407 | 28/08/23 | Non imposición penalidades en certificación obra                           | 2023/C003/000013 |
| 410 | 29/08/23 | Non imposición penalidades en certificación obra                           | 2022/C003/000001 |
| 415 | 31/08/23 | Aprobación facturas relación 56 reparo suspensivo                          | 2023/G003/001955 |
| 417 | 04/09/23 | Nomeamento axente igualdade  | 2023/X999/001595 |
| 418 | 04/09/23 | Contratación sustitución conserxe conservatorio                            | 2023/X999/001558 |
| 422 | 04/09/23 | Socorro xubilación reparo suspensivo                                       | 2023/X999/001544 |
| 425 | 04/09/23 | Concesión subv nominativa coheempo reparo suspensivo                       | 2023/A004/000009 |
| 426 | 04/09/23 | Concesión subv nominativa seara reparo suspensivo                          | 2023/A004/000010 |
| 428 | 06/09/23 | Aprobación facturas relación 58  | 2023/G003/002011 |
| 429 | 06/09/23 | Aprobación facturas relación 59  | 2023/G003/001982 |
| 430 | 07/09/23 | Subvenciones material escolar  | 2023/A002/000007 |
| 431 | 06/09/23 | Aprobación facturas relación 60 reparo suspensivo                          | 2023/G003/001982 |
| 432 | 06/09/23 | Concesión subvención nominativa club ciclista as poontes reparo suspensivo | 2023/A004/000011 |
| 433 | 06/09/23 | Concesión subvención nominativa liga galega traineras reparo suspensivo    | 2023/A004/000012 |
| 445 | 12/09/23 | Aprobación facturas relación 62  | 2023/G003/002074 |
| 449 | 14/09/23 | Aprobación facturas relación 65  | 2023/G003/002082 |
| 460 | 25/09/23 | Productividade setembro  | 2023/X999/001629 |
| 461 | 27/09/23 | Aprobación facturas relación 68  | 2023/G003/002144 |
| 464 | 28/09/23 | Nómina setembro  | 2023/X999/001629 |
| 468 | 03/10/23 | Aprobación facturas relación 70 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002173 |
| 472 | 06/10/23 | Aprobación facturas relación 71 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002210 |
| 481 | 11/10/23 | Aprobación facturas relación 73  | 2023/G003/002254 |
| 493 | 20/10/23 | Productividade outubro   | 2023/X999/001778 |
| 495 | 22/10/23 | Aprobación subvenciones festas parroquiais e de barrio                     | 2023/A002/000288 |
| 496 | 23/10/23 | Contratación auxiliar biblioteca reparo suspensivo                         | 2023/X999/001793 |
| 497 | 23/10/23 | Aprobación facturas relación 74  | 2023/G003/002349 |
| 498 | 23/10/23 | Adxudicación subvencións culturais   | 2023/A002/000006 |
| 503 | 25/10/23 | Nómina outubro   | 2023/X999/001778 |
| 506 | 30/10/23 | Aprobación facturas relación 77  | 2023/G003/002401 |
| 517 | 07/11/23 | Contratación profesor conservatorio reparo suspensivo                      | 2023/X999/001891 |
| 518 | 07/11/23 | Concesión subvencións almuerzo no cole reparo suspensivo                   | 2023/A002/000261 |
| 521 | 08/11/23 | Aprobación facturas relación 79 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002457 |
| 529 | 09/11/23 | Certificación obra non imposición penalidades                              | 2022/C003/000012 |
| 533 | 15/11/23 | Productividade novembro  | 2023/X999/001990 |
| 535 | 15/11/23 | Aprobación facturas número 82  | 2023/G003/002559 |
| 536 | 15/11/23 | Aprobación facturas número 83  | 2023/G003/002562 |
| 541 | 21/11/23 | Aprobación facturas relación 84  | 2023/G003/002611 |
| 546 | 23/11/23 | Adxudicación subvencións deportivas reparo suspensivo                      | 2023/A002/000264 |
| 561 | 27/11/23 | Aprobación facturas relación 86  | 2023/G003/002676 |
| 562 | 28/11/23 | Aprobación nómina novembro   | 2023/X999/001990 |
| 563 | 28/11/23 | Aprobación facturas relación 97  | 2023/G003/002709 |
| 564 | 28/11/23 | Aprobación facturas relación 88  | 2023/G003/002710 |
| 567 | 29/11/23 | Fase A adquisición ben reparo suspensivo                                   | 2023/C006/000003 |
| 568 | 01/12/13 | Nómina extra decembro  | 2023/X999/002099 |
| 570 | 04/12/12 | Aprobación facturas relación 89  | 2023/G003/002742 |
| 572 | 05/12/23 | Aprobación facturas relación 91 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002759 |
| 573 | 05/12/23 | Aprobación facturas relación 92 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002761 |
| 575 | 07/12/23 | Aprobación facturas relación 93  | 2023/G003/002767 |
| 578 | 11/12/23 | Productividade nómina decembro   | 2023/X999/002125 |
| 586 | 12/12/23 | Aprobación facturas relación 94 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002787 |
| 589 | 12/12/23 | Nómina atrasos decembro reparo suspensivo                                  | 2023/X999/002062 |
| 591 | 13/12/23 | Aprobación facturas relación 95 reparo suspensivo                          | 2023/G003/002817 |
| 595 | 14/12/23 | Aprobación facturas relación 97  | 2023/G003/002838 |

|     |          |  |                  |
|-----|----------|--|------------------|
| 596 | 15/12/23 | Aprobación facturas relación 98                    | 2023/G003/002862 |
| 598 | 18/12/23 | Aprobación factura relación 99                     | 2023/G003/002871 |
| 609 | 21/12/23 | Aprobación facturas relación 103                   | 2023/G003/002970 |
| 611 | 22/12/23 | Aprobación facturas relación 104 reparo suspensivo | 2023/G003/003006 |
| 612 | 26/12/23 | Horas extras decembro reparo suspensivo            | 2023/X999/002125 |
| 615 | 26/12/23 | Aprobación facturas relación 106                   | 2023/G003/003027 |
| 622 | 27/12/23 | Nómina decembro reparo suspensivo                  | 2023/X999/002125 |
| 624 | 28/12/23 | Aprobación facturas relación 108 reparo suspensivo | 2023/G003/       |
| 626 | 28/12/23 | Aprobación facturas relación 109 reparo suspensivo | 2023/G003/003053 |
| 630 | 29/12/23 | Aprobación facturas relación 110 reparo suspensivo | 2023/G003/003056 |
| 631 | 29/12/23 | Concesión subvención AAVV reparo suspensivo        | 2023/A002/000294 |
| 634 | 30/12/23 | Aprobación facturas relación 112                   | 2023/G003/003062 |
| 635 | 30/12/23 | Aprobación facturas relación 113                   | 2023/G003/003063 |

## 5.- **MOCIÓNS**

O presidente da sesión, de acordo co artigo 91.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dá conta das seguintes mocións:

**1.- Moción en relación a "Elaboración dun plan integral para o mantemento de camiños rurais e a implementación dun programa de subvencións para camiños particulares"** que presentou o grupo municipal do PP o día 29/10/2024 (RE núm. 202499900004027).

O texto da moción é o seguinte:

### ANTECEDENTES

Os camiños rurais constitúen unha infraestrutura fundamental para o desenvolvemento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, así como para garantir a accesibilidade ás vivendas situadas no medio rural. Con todo, moitas destas vías atópanse nun estado de deterioración que dificulta o seu uso e pon en risco a seguridade de quen as transita. Doutra banda, os camiños particulares, aínda que non forman parte da rede viaria municipal, desempeñan un papel crucial no acceso ás propiedades e na dinamización da economía local. É por iso que resulta necesario adoptar medidas que permitan mellorar o seu estado e garantir a súa conservación a longo prazo

Entre os beneficios esperados temos:

- Mellora das condicións dos camiños rurais, facilitando o acceso ás propiedades e aos servizos básicos. Incremento da seguridade viaria no medio rural.
- Fomento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Protección do medio ambiente.
- Mellora da calidade de vida dos habitantes do rural.

EXPÓN

A Constitución Española garante a autonomía dos municipios, cuxo goberno e administración corresponde aos respectivos Concellos (artigo 140); atribúe o goberno e a administración autónoma das provincias ás Deputacións ou outras Corporacións de carácter representativo, así como aos Cabidos e Consellos nas Illas (artigo 141); e sinala que as Facendas Locais deben dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das súas funcións (artigo 142).

O ámbito local é o máis próximo ao cidadán, gozando a súa Administración de autonomía para promover actividades e prestar os servizos públicos que mellor contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños. As competencias das Entidades locais poden ser competencias propias das entidades territoriais, establecidas pola Lei, ou competencias atribuídas por delegación do Estado ou da respectiva Comunidade Autónoma.

Regúlanse fundamentalmente na **Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)**.

Tal e como sinala o artigo 7 da LRBRL, as competencias propias dos municipios, as provincias, as illas e demais Entidades locais territoriais só poderán ser determinadas por Lei.

As competencias propias exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, atendendo á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións públicas. As competencias atribuídas exércense nos termos da delegación efectuada polo Estado ou a respectiva Comunidade Autónoma, que poden incluír técnicas de dirección e de control de oportunidade, e que en calquera caso deben respectar a potestade de autoorganización dos servizos da Entidade local.

As Entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (coñecidas como “competencias impropias”) cando non poña en risco a sustentabilidade financeira da Facenda local e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público por outra Administración pública.

**O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL )** recolle as competencias específicas dos municipios, sinalando que os mesmos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños.

O municipio, en todo caso, exercerá competencias propias nas seguintes materias:

- Seguridade en lugares públicos
- Ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas
- Protección civil prevención e extinción de incendios
- Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística
- Promoción e xestión de vivendas
- Parques e xardíns
- **Pavimentación das vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais**

- Patrimonio histórico-artístico
- Protección do medio ambiente
- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de consumidores e usuarios
- Protección da salubridade pública
- Participación na xestión da atención primaria da saúde
- Cemiterios e servizos funerarios
- Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social
- Subministración de auga e iluminación público
- Servizos de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais
- Transporte público de viaxeiros
- Actividades ou instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo
- Participar na programación do ensino e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

O artigo 26 da **artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local( LRBRL )** sinala que os municipios, por si ou asociados, deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- Nos municipios con poboación superior aos 5.000 habitantes, ademais: parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos. Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.
- Nos municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano.

#### **ACORDO**

Proponse o seguinte acordo o Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez:

##### **1-Elaboración dun Plan Integral de Mantemento de Camiños Rurais:**

- Realizar un inventario detallado de todos os camiños rurais do municipio, incluíndo o seu estado actual, tipoloxía e uso.
- Establecer un programa de mantemento periódico dos camiños, priorizando aqueles que presenten unha maior deterioración ou
- que sexan de maior relevancia para as actividades económicas e sociais do municipio.



- Definir as actuacións para realizar en cada camiño, como limpeza, roza, reparación de cunetas, sinalización etc.
- Asignar os recursos necesarios para a execución do plan, tanto materiais como humanos.
- Establecer un sistema de seguimento e avaliación do plan, co fin de garantir a súa eficacia e realizar os axustes necesarios.
- Establecer unha colaboración con outras Administracións, en especial ca Xunta de Galicia para por en valor os camiños e sendas do noso municipio.

## 2.- Implementación dun Programa de Subvencións para Camiños Particulares:

- Establecer unha liña de axudas económicas para os propietarios de camiños particulares que desexen realizar obras de mellora ou mantemento.
- Definir os criterios de concesión das subvencións, como o estado do camiño, a importancia para a actividade económica, a contribución dos propietarios ao financiamento de obras etc.
- Establecer un procedemento sinxelo e transparente para a solicitude e concesión das subvencións.
- Difundir amplamente o programa entre os propietarios de camiños particulares.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con sete votos en contra do PSdeG-PSOE, tres abstencións do BNG e un voto a favor do PP.

## 2.- Moción para derogar a implantación obrigatoria da taxa de residuos que presentou o grupo municipal do PP o día 29/10/2024 (RE núm. 202499900004048).

O texto da moción é o seguinte:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular** transpón varias directivas comunitarias, entre elas a Directiva 2018/851 de residuos e obriga a establecer unha taxa de residuos as entidades locais a partir do próximo 10 de abril de 2025.

A Directiva Europea é unha modificación da Directiva Marco de Residuos (Directiva 2008/98/CE) e forma parte do paquete de Economía Circular adoptado pola Unión Europea para promover un sistema de xestión de residuos máis sostible.

O seu obxectivo é reducir a xeración de residuos, aumentar a reciclaxe e a reutilización, minimizar o impacto ambiental e fixar obxectivos de reciclado para os residuos municipais, entre outros. A Directiva de Residuos non impón directamente aos Estados membros a obriga de establecer as taxas de basuras.

Sinala os obxectivos para a redución, reutilización e reciclaxe de residuos municipais i enumera distintos instrumentos económicos e medidas para incentivar a aplicación da xerarquía de residuos, tales como a correcta planificación das inversións en infraestructuras de xestión de residuos ou o uso das mellores técnicas dispoñibles para o tratamento dos mesmos, entre outras.

Neste contexto, dende o Grupo Municipal Popular neste Concello, manifestamos o noso profundo rexeitamento á obriga de establecer unha taxa de residuos pola entidades

locaiss, tendo que repercutir o coste íntegro da recollida, xestión e tratamento de residuos as e os cidadáns a partir do próximo 10 de abril de 2025.

Esta situación supón un novo ataque aos petos das e dos cidadáns, que terán que pagar os custes íntegros da xestión de residuos, cando en moitos casos os concellos viñan aliviando esta carga.

O Concello deberá repercutir íntegramente ao cidadán o custe total das operacións de recollida, transporte e tratamento de residuos, sin nin siquiera permitir que o municipio apoie aos seus contribuíntes asumindo parte do mesmo. A implantación obrigada desta taxa supón un ataque contra a autonomía municipal ao impedir que os Concellos i Entidades Locais fagan uso da súa liberdade á hora de elexir o seu modelo de financiación do servicio de recollida, transporte e tratamento de residuos, sin considerar o tamaño, a poboación, recursos económicos ou situación financeira de cada concello.

É precisamente a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local a que determina que son os municipios ou no seu defecto as entidades locais as que deben establecer os seus propios tributos. Nembregantes , a imposición desta normativa aos Concellos supón unha clara invasión das súas competencias locais, ao impedir explícitamente que poidan aliviar a carga fiscal das súas e dos seus cidadáns con recursos económicos dispoñibles no presuposto municipal.

Por outra banda, as implicacións desta medida son numerosas e a súa aplicación está ocasionando unha grande incertidume e inseguridade xurídica nos Concellos pola indefinición e falta de rigor técnico na redacción da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Sin un texto normativo claro e detallado, os Concellos farán diferentes interpretacións na aplicación da norma e dos seus informes económico-financieros, xerando así un caos tributario con centos de recursos ante os diferentes Tribunales Superiores de Xustiza que, no seu caso, poden emitir resolucións diferentes.

Por outro lado, lonxe de incentivar o cumprimento dos obxectivos da economía circular, a nova taxa imposta polo Goberno do Estado desincentiva a inversión ao verse obrigados os municipios a repercutir o coste íntegro das novas inversións as veciñas e os veciños. Esta medida supondrá, por tanto, un paso cara atrás na implicación de tódolos actores no ciclo da economía circular e conlevará un menoscabo para o fortalecemento da corresponsabilidade cidadana na consecución do obxectivo común de reducir e dar unha segunda vida aos residuos, en lugar de fomentar un maior compromiso a través de incentivos e inversións.

Por último, dende este grupo municipal nos gustaría resaltar que esta lei suporá un agravio económico para os cidadáns nun contexto económico como o actual, especialmente para as familias de menores rentas, que serán as grandes perxudicadas pola imposición desta nova taxa de residuos.

Por todo o exposto, este Grupo Municipal PROPÓN A ESTE PLENO instar ao Goberno de España a:

1. Respetar a autonomía municipal e recoñecer a liberdade dos concellos para establecer os seus propios tributos, permitindo que as entidades locais podan aliviar a carga fiscal das súas e dos seus cidadans, como veñen facendo hasta agora na xestión dos residuos, con recursos económicos dispoñibles no presuposto municipal.

2. Derogar a obrigabilidade da implantación e aplicación da taxa de residuos en tódolos municipios e polo 100% do custe contemplada na Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

3. Realizar un estudio do impacto pormenorizado que permita definir o custe por servizo.4. Poñer en marcha un Plan Nacional de infraestruturas para la Economía Circular que apoie a creación das infraestruturas necesarias para o cumprimento dos obxectivos nacionais y europeos.

4. Contribuir a sufragar as campañas de comunicación dos concellos dirixidas a incentivar a concienciación cidadán de compromiso coa separación de residuos e a reciclaxe para a consecución dos obxectivos comunitarios en materia de residuos

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con sete votos en contra do PSdeG-PSOE, tres abstencións do BNG e un voto a favor do PP.

**3.- Moción contra o desmantelamento da seguridade preservada pola garda civil na provincia da Coruña e aumento da dotación do cuartel da Garda Civil de As Pontes** que presentou o grupo municipal do PP o día 29/10/2024 (RE núm.202499900004050).

O texto da moción é o seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Popular de Galicia leva anos traballando para conseguir a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, independentemente do seu lugar de orixe e de residencia, sexa esta nunha cidade ou no noso rural.

Do mesmo xeito, é unha premisa fundamental dos principios deste partido o compromiso firme coa seguridade cidadá, e o respaldo e respecto ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, moi especialmente á Garda Civil, que se encarga da seguridade nas áreas rurais, sendo o seu papel cruce para o benestar dos veciños nestas áreas para o aseguramento dunhas condicións de vida que contribúan ao mantemento da poboación nesas amplas áreas rurais.

Lamentablemente, as políticas recentes do Goberno de España non están a ser eficaces para manter e acrecentar a seguridade dos cidadáns, xa que, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio do Interior, no Balance sobre Criminalidade, a criminalidade no noso país segue aumentando: “ no primeiro semestre do 2024, a criminalidade aumentou un 3%, pasando a taxa de criminalidade por cada mil habitantes de 43,9 puntos en 2017 a 51,7”.

En Galicia, desde a chegada de Pedro Sánchez á presidencia, a criminalidade aumentou de maneira preocupante. Segundo o último informe do Ministerio do Interior, as infraccións na Coruña subiron un 3%, cun notable incremento na cibercriminalidade (18,7%), subtracción de vehículos (8,2%), roubos con violencia e intimidación (6,4%) e furtos (1,4%).

Este incremento non é casual, débese, en parte, ás políticas que favoreceron a impiedade en delitos como a ocupación, as agresións sexuais ( coa Lei do “Si é Si ”) ou a amnisõa. A mensaxe que o goberno envía coas súas decisións é que cometer delitos non sempre ten as consecuencias penais que debese.

A xestión económica do goberno, particularmente en relación coa a inflación, tamén agravou a situación económica e a combinación de todo iso propicia unha contorna de maior inseguridade e criminalidade.

Nos pequenos municipios e áreas rurais, as dificultades existentes para atopar emprego, a menor dispoñibilidade de servizos e o aumento da inseguridade, agrava o despoboamento e a deterioración rexional.

A Garda Civil ten como misión principal protexer estas zonas, especialmente as afastadas dos núcleos urbanos, asumindo competencias en seguridade cidadá. Con todo, os proxectos do Ministerio do Interior e do ministro Grande Marlaska son o peche de cuarteis, a redución de horarios e a eliminación de numerosos postos no persoal.

A Orde Xeral 25/2023, do 28 de Grupo Provincial Popular 2 decembro, que regula as Compañías e Postos territoriais da Garda Civil prevé o peche de varios postos auxiliares, incluíndo catro na Coruña:

- Somozas, Cariño e Touro: tres municipios rurais con menos de catro mil habitantes e con desaños significativos en termos de despoboamento.

- A Pobra do Caramiñal: un municipio costeiro con menos de dez mil habitantes cun serio aumento das cifras de delitos cometidos. O desmantelamento da Garda Civil en pequenos municipios e zonas rurais afecta gravemente á Coruña.

Segundo unha resposta oficial do Goberno de novembro de 2023, “os cuarteis na provincia só ofrecerán atención presencial ao público no horario de 9:00 a 14.30 sendo un deles o posto do noso concello. Fóra deste período, a atención limitarase ás canles dixitais, como internet, vía telefónica ou a través da aplicación AlertCorps” Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren unha presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e a dispersión xeográfica.

É imperativo que o Goberno manteña a presenza da Garda Civil en todos os municipios, especialmente nas áreas rurais, onde o seu recoñecemento da realidade local e comarcal é crucial para garantir a seguridade e protexer os dereitos e liberdades dos residentes. Esta decisión do ministro do Interior é aínda máis preocupante se consideramos que, na Coruña, faltan 122 efectivos por completar o catálogo de postos, 213 atópanse en baixa médica e que en toda a provincia unicamente existen 12 postos abertos as 24 horas.,

Segundo a publicación do Ministerio do Interior:

- 5 compañías, 5 PAFIF, 7 postos principais, 3 postos auxiliares e 41 postos da Garda Civil.
- 1.833 efectivos activos na provincia, con 113 efectivos ocupados en situación de reserva, 213 en situación de baixa médica, o que fai un total de máis de 300 axentes ausentes e, xunto coas xubilacións producidas neste pasado ano, o número total de activos redúcese a 1.696 en setembro, segundo unha resposta a unha pregunta parlamentaria presentada polo GPP no Congreso.

Por último, non hai que esquecer en maio deste ano, o Grupo Popular Provincial presentou ante o pleno da Deputación unha moción a fin de que se celebrase unha reunión entre o Delegado do Goberno e os alcaldes da provincia, co obxecto de que se explicase o horizonte a medio prazo da Garda Civil no ámbito provincial, pero a iniciativa foi rexeitada co voto de calidade do presidente da Deputación, facendo Grupo Provincial Popular 3 inviable unha interlocución directa co máximo representante da Administración do Estado en Galicia.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de As Pontes de García Rodríguez

### PROPÓN A ADOPCIÓN DA SEGUINTE MOCIÓN

O Concello de As Pontes insta o Goberno de España a:

1. Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionando recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.
2. Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.
3. Garantir a atención presencial no Cuartel de As Pontes e no resto de cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.
4. Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.
5. Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local e no resto complementar os servizos da mesma.
6. Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.
7. Desenvolver un plan de incentivos profesionais, económicos e de vivenda para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural. No caso de As Pontes incentivar o uso da Casa Cuartel.
8. Utilizar urxentemente as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con dez votos en contra (7 do PSdeG-PSOE, e 3 do BNG) e un voto a favor do PP.

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

O presidente abre a quenda de rogos e preguntas, de acordo co artigo 82.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A voceira do Partido Popular, María del Carmen Dopico Rodríguez, formula os seguintes:

- Prazos para a reparación da ponte de Pedrafita?
- Sobre o plan de fugas do Real decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, hay algún resultado deste plan?

Está iniciado o expediente para solucionar o estado da casa situada no lateral da Igrexa de Santa María?

- Desprendéronse cascotes da fachada do Bodegón que comprou o concello, cando teñen pensado comezar as obras? Rogo: mover o valado para protexer os veciños da caída dos cascotes
- Plan Sanitario da Auga, cando vai a estar?
- Apareceron ratas de gran tamaño na zona da Magdalena e Avda de Ortigueira, existe plan DDD para esas zonas, e se non existe, que medidas se van a tomar?
- Camiño de Pontoibo que vai ao depósito da auga, teñen pensado aglomerar esa zona?
- Existen vivendas sen rede de sumidoiros e sen puntos de luz en Pontoibo, cando teñen pensado dotar destes servizos aos veciños?
- Na zona de Pontoibo existe unha casa con maleza con risco de incendio para os veciños das casas lindeiras, existe algún tipo de acción neste sentido?
- Na curva do lavadoiro a Os Covelos hai unha gabia perigosa para a circulación, teñen coñecemento disto?
- Os veciños da Cubeliña solicitan actuacións para reducir a velocidade dos vehículos, sobre todo nas fins de semana, así como a necesidade de facer un sumidoiro para recoller as augas pluviais da pista.
- Rogo: existen dificultades nas saídas na nova rotonda de Celso Emilio Ferreiro con Pontoibo e tamén solicitan pasos de peóns.
- Vertidos do polígono Penapurreira a Saa, existe un expediente sancionador por estes vertidos que se fan de forma reincidente e reiterada, que medidas se van a tomar?
- Nos decretos aparece unha sanción de Augas de Galicia por non atender a un requirimento, poden explicar que requirimento era?
- Rogo: sinalizar as zonas perigosas
- Esta reparado o bache entre Os Chaos e A Cuiña?
- Que teñen pensado facer na arqueta praza da Lembranza?
- Rogo: facer uns aseos no barrio da Casilla
- En que estado están os proxectos que se presentaron as axudas da Orde TED/1381/2023, de 21 de decembro, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia?
- Xa está feito o estudo de acceso do primeiro chanzo do pavillón do Monte Caxado?
- Que tipo de avaría se produciu para o peche da piscina?
- Os focos fundidos pavillón municipal, cando se van a substituír?
- Os estudos das poboacións potenciais de lagartixa cantábrica, non se podería realizar pola Universidade? E non se poderían adxudicar nun único contrato?
- En que estado se atopa a Relación de Postos de Traballo?

- Pódennos indicar o número de prazas previstas na residencia xeriátrica e se hai unha porcentaxe de reserva de prazas para os empadroados nas Pontes?

A voceira do BNG, Carmela Franco Caaveiro, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Por que a urxencia da obra do mercado municipal e a instalación das casetas?
- En que estado están os proxectos para a biblioteca?
- Que fai a banda de música ensaiando nun centro educativo?
- De novo: vai haber nova biblioteca?

O voceiro do BNG, Francisco da Silva Vello, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Cando empezou a obra do mercado? Quen é a empresa adxudicataria?
- Obras Avda de Lugo nos números impares. En que fase lle vai tocar aos veciños con números pares?
- Sobre a bonificación no IBI para os propietarios das Fragas do Eume; vaise facer a bonificación para que entre en vigor no 2025? Da tempo de tramitar esa bonificación para que se poida facer no 2025?
- Licenza Central Endesa (demolición); presentouse algún recurso administrativo contra a concesión de licenza de desmantelamento da central?
- Subestación de Maciñeira; tedes algunha información sobre cal sería a súa localización e sobre o posible trazado de liñas?
- Subvencións transición xusta. Recursos?
- Gastos de persoal. Na Policía Local hai prazas sen cubrir por xubilación. No arquivo falta persoal. Que se vai facer coas prazas que están sin convocar?
- Cal é a situación do posto de Secretaría?
- Cota FEMP. Sección concellos Centrais térmicas; para que se están pagando 1600,00 euros?
- Cota FEMP. Sección Transición Xusta ACOM 2024. Está xustificado o pago desta cota?
- Contrato de recollida Residuos Sólidos Urbanos. Rogo: cando vaia haber reunión coa empresa que se convoque ao BNG. Solicitan que o persoal realice informes, cando menos mensuais, avaliando o servizo.
- A obra da rúa Pontedeume, aínda non se vai a realizar?
- Hay contrato ponte para a Escola Infantil?
- En que situación está o contrato do SAF?
- No pavillón, funciona a caldeira biomasa?
- Obras pavillón: en que estado están as reclamacións?
- Piscina municipal; porque só se acepta unha das cinco facturas presentadas pola empresa para compensación de débedas?

- Pódese facer algún cambio para as matrículas das escolas deportivas municipais e hai posibilidade de ampliar os contratos para cubrir a demanda?
- Hai algunha obra prevista para a avenida de Vilalba?
- Na rotonda da Perfolla hai problemas de visibilidade, pódese realizar algo alí?
- Hai posibilidade que desde o cruce de Ribadeume se puidera levar a auga para o Tesouro, Portorroibo, Codesás ou Espiñaredo?
- Sobre os novos proxectos; como están repartidas as competencias dos concelleiros?
- Como están as modificacións das normas en As Veigas?
- Como están as modificacións das normas do novo acceso?
- Como están as edificacións de fóra de ordenación?
- Vivendas sen licenza de primeira ocupación; en que situación están?
- Situación do circuíto de karts?
- Mención especial a unha veciña que no 2018 presenta unha solicitude para que se actúe na rotonda de Celso Emilio Ferreiro na que ela tivo un accidente.

## **REMATE DA SESIÓN**

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás trece horas e vinte e dous minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretario accidental, certifico.

O secretario accidental

O presidente

Jose Manuel Cabarcos Anca

Valentín González Formoso

## **ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO**

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 06/11/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

78AAE9C8F3C23FB4253E128CB19535D7F963E8D219659CB452508ACC7C6E1211

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

09EFC4877ADAAD8786107000C22E4011EAA8A496DE745F1E35FB806878A227A5

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

O secretario accidental

José Manuel Cabarcos